

Adenda modificatoria do CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ANÁLISE DO IMPACTO DA AUTOMATIZACION NA ECONOMIA GALEGA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director da Area de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que con data 17/02/2020 asinouse o Convenio de referencia, que ten vixencia ata o 30/12/2020, establece na súa cláusula cuarta un prazo de presentación ante o Igape da certificación de gastos ata o 15/11/2020.

Que, debido ao retraso sufrido pola COVID19, a celebración dos traballos preparatorios e mesas de traballo non se plantexarán ata o último cuatrimestre e, dado que a suspensión de prazos administrativos durante o estado de alarma, cumpre ampliar o prazo de execución e certificación ante o IGAPE.

Que o impacto da crise da COVID-19 no eido de análise obxecto do convenio aconsella modificar o seu alcance para que se teña en conta no estudo da USC, sendo ademais aconsellable unha redistribución dos custos elixibles no convenio como consecuencia da redución de custos nos eventos e mesas de traballo, por celebrarse agora de modo telématico principalmente e non presencial como estaba previsto.

Que a comisión de seguimento do convenio na súa reunión do 28 de maio de 2020 acordou por unanimidade esta proposta.

Que de acordo cos antecedentes expostos, propónse a modificación do convenio nos seguintes termos:

- Ampliación do prazo de presentación da certificación de gastos establecido no apartado 6 da cláusula cuarta do convenio, fixándoo no 15/12/2020.
- Os estudos a desenvolver terán en conta os efectos económicos, financeiros, laborais e sociais ocasionados polo confinamento decretado polo Estado de Alarma e outras medidas ou efectos de ámbito autonómico, nacional, comunitario e global. Neste sentido, terase en conta que houbo un enorme crecemento dos procesos de dixitalización e automatización na economía, nas empresas, na educación, nas Administracións e na sociedade mesma.

- Dado que a alerta pola pandemia do Covid-19 estenderase durante os próximos meses e que o Convenio prevé a realización das mesas de diálogo como parte esencial das primeiras etapas das actividades do Convenio, as mesas de diálogo realizaranse de forma telemática, reducíndose os custos asociados, e incrementando o límite establecido no Anexo I para o persoal investigador responsable do estudio e informes, quedando os custos admisibles do seguinte xeito.

TIPO DE GASTO	CUSTE TOTAL (€)
Estudo e Informe. O gasto pode cubrir dedicación de persoal propio, a contratación persoal ou de investigadores e servizos externos.	36.000,00 <i>(incrementábase en 6.000 € fronte ao convenio asinado)</i>
Mesas de diálogo. Servizos externos e a aluguer de equipamento.	6.000,00 <i>(redúcese en 6.000 € fronte ao convenio asinado)</i>
Actividades de difusión. O gasto pode cubrir a contratación de servizos externos e aluguer de instalacións e equipamento.	8.000,00
TOTAL	50.000,00
Financiamento IGAPE	40.000,00
Cofinanciamento USC (Dedicación de persoal propio)	10.000,00

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela